



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN

DO NOMEAMENTO DAS PERSOAS TITULARES E SUPLENTES DA COMISIÓN DE ESTUDO POLÍTICO TÉCNICA PARA A CREACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CASA DE APOIO A PERSOAS MAIORES

Resolución de Presidencia número 46816 de 9 de outubro de 2025, cuxo texto se transcribe:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN AS PERSOAS TITULARES E SUPLENTES DA COMISIÓN DE ESTUDO POLÍTICO TÉCNICA PARA O ESTUDO E, NO SEU CASO, PROPOSTA DO INICIO DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E CREACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CASA DE APOIO A PERSOAS MAIORES.

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

Na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 12 de setembro de 2025 adoptouse o acordo de constituír unha dunha Comisión Político Técnica para o estudo e, no seu caso, proposta do inicio de actividade económica e creación do servizo público de Casa de Apoio a Persoas Maiores, nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Incoar un expediente para o exercicio da iniciativa pública na actividade económica e conseguinte creación do servizo público provincial que se denominará “CASA DE APOIO A PERSOAS MAIORES”. O expediente ha de tramitarse consonte ao previsto no artigo 86 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local no tocante á iniciativa pública, e no artigo 85, polo que atinxe a posible creación do servizo público correspondente.

SEGUNDO.- Consonte ao previsto no artigo 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, que se constituía formalmente a Comisión político-técnica para a redacción dunha “Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade e, no seu caso, proposta para a creación e forma de xestión do servizo público CASA DE APOIO Á PERSOAS MAIORES, que estará composta polos seguintes membros:

- O Presidente da Deputación da Coruña, que actuará como presidente.*
- Un representante de cada un dos grupos políticos que compoñen a Corporación provincial no actual mandato 2023-2027, que os acordos a adoptar actuarán con voto ponderado atendendo ao número de persoas deputadas que compoñen cada grupo político provincial.*
- O Secretario xeral.*

- O interventor xeral.
- O Interventor adxunto responsábel do control financeiro permanente
- A Xefa de Servicio de Patrimonio e Contratación.
- O Xefe de Servizo de Arquitectura e Mantemento.
- A Xefa do Servizo de acción social, cultural e deportes, que actuará como secretaria desta comisión.
- A Xefa de sección de servizos sociais.
- Dúas persoas técnicas de servizos sociais.

Tomando en consideración a proposta de cada grupo político da Corporación, a designación das persoas deputadas que se integrarán na Comisión realizarase mediante resolución da Presidencia que se ditará en execución do presente acordo. Na mesma resolución tamén se designarán as dúas persoas técnicas de servizos sociais.

TERCEIRO.- A Comisión deberá presentar a Memoria, coa proposta no seu caso de xestión do servizo público correspondente, no prazo máximo de TRES MESES dende a súa designación. Para tal fin, será convocada tantas veces se considere necesario, podendo asignarse a redacción de apartados concretos ao persoal técnico integrante da mesma, tendo en conta os seus coñecementos específicos sobre cada unha das partes que ha de integrar o documento.

Considerando que con carácter previo á reunión constitutiva da devandita Comisión debe nomearse por resolución da Presidencia ás persoas integrantes da mesma así como aos seus substitutos/as.

Considerando que os distintos grupos políticos provinciais remitiron a identificación dos/as titulares e suplentes, e constan os/as suplentes dos distintos técnicos/as provinciais integrantes da Comisión.

RESOLVO:

Primeiro: Nomear como membros da Comisión Político Técnica para o estudo e, no seu caso, proposta do inicio de actividade económica e creación do servizo público de Casa de Apoio a Persoas Maiores, ás seguintes persoas:

Presidencia: Valentín González Formoso, e en substitución deste a Xosé Regueira Varela.

Membros:

- Polo Grupo Provincial Popular: José Manuel Caamaño López, e en substitución deste a Izaskun García Gorostizu.
- Polo Grupo Provincial Socialista: María del Mar García Vidal, e en substitución desta a Eudoxia María Neira Fernández.
- Polo Grupo Provincial do BNG: Cristina García Rey, e en substitución desta a Avia Veira González.
- Polo Grupo Provincial Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane.
- Secretario Xeral: Miguel Iglesias Martínez, e en substitución deste a Paula Vázquez Carrasco, Oficial Maior.
- Interventor Xeral: José Manuel Pardellas Rivera, e en substitución deste a José María Pérez Alvaríño, Viceinterventor.

- O Interventor adxunto responsábel do control financeiro permanente: Juan Bautista Suárez Ramos, e en substitución deste a Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Adxunto.
- Xefa do Servizo de Patrimonio e Contratación: Beatriz Méndez López, e en substitución desta a Luis Alberto Álvarez Freijido, xefe da sección de Patrimonio.
- Xefe do Servizo de Arquitectura e Mantemento: Daniel Beiras García-Sabell, e en substitución deste a Marina Cabana González, arquitecta técnica do servizo de Arquitectura e Mantemento.
- Xefa do Servizo de Acción social, Cultural e Deportes: Manuela Muñiz Souto, que actuará como secretaria da comisión, e en substitución desta a Carolina Buhigas Jack, xefa da sección de servizos sociais.
- A Xefa de sección de Servizos Sociais: Carolina Buhigas Jack, e en substitución desta a Matilde Pérez Fernández, xefa de negociado I da sección de servizos sociais
- Técnicas de servizos sociais: Verónica Navarrete Alarcón e Lara Cabaleiro Rodríguez, e en substitución destas a Paula Filgueiras Espasandín.

Segundo: Publicar o devandito nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.

Terceiro: Dar conta da presente resolución ao Pleno da deputación para o seu coñecemento.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso recurso de reposición ante esta Deputación no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó de notificación da presente resolución, ou de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó de notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, sen perxuízo de que poida exercer calquera outro que estime pertinente

O anuncio estará publicado un mes desde a data de publicación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

Miguel Iglesias Martínez